



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CESIÓN DE PUBLICACIÓNS ELECTRÓNICAS PROPIAS E A SÚA INCORPORACIÓN Á PLATAFORMA DE PRÉSTAMO DE LIBRO ELECTRÓNICO, GALICIALE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas. Dentro dese ámbito competencial, á Consellería, como órgano administrativo de dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas, correspóndelle deseñar e planificar a política bibliotecaria da Comunidade Autónoma, así como a definición das súas prioridades (artigo 7 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia).

A colaboración entre bibliotecas e institucións educativas e formativas é unha fórmula cada vez máis estendida, dada a complementariedade existente entre os seus fins de cara ao acceso á información e de promoción da cultura e da formación.

O ámbito de actuación deste convenio inscríbese no establecemento dunha colaboración para a transferencia do coñecemento que se crea na USC cara á cidadanía en xeral, aproveitando as posibilidades que a plataforma de préstamo de libro electrónico en liña, GaliciaLe, ofrece á totalidade de usuarios e usuarias da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

A USC entende que GaliciaLe serve, ademais de vía para o acceso universal e gratuíto á lectura fondos dos seus catálogos, como escaparate único da produción editorial de Galicia, da que non debe quedar afastada a creación que se realiza na universidade.

Neste caso, só é a USC a universidade galega que ofreceu a súa produción editorial para o acceso aos lectores e lectoras de fóra da súa comunidade académica. Esta actuación forma parte do seu compromiso e implicación coa sociedade e coa responsabilidade social para acadar, á súa vez, o recoñecemento social da súa contribución ao progreso social e cultural e de poñer en valor o seu patrimonio cultural, científico e técnico.

As bibliotecas, como centros de acceso libre e sen límites ao coñecemento, ao pensamento e á información, teñen a obriga de colaborar no acceso de todas e todas á cultura e á conservación e promoción do patrimonio cultural do pobo galego. Tamén deben garantir o dereito de acceder en condicións de igualdade á lectura, á información e ao coñecemento. Isto conséguese poñendo á súa disposición tanto as coleccións bibliográficas físicas e dixitais e os seus servizos.





GaliciaLe é a plataforma para o préstamo de libro electrónico para os usuarios e usuarias das bibliotecas públicas galegas. O seu obxectivo é incrementar as posibilidades de lectura poñendo a disposición da cidadanía galega usuaria das bibliotecas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia unha importante colección de títulos en formato electrónico, en galego e en castelán, de xeito gratuíto.

Pretende alcanzar outros importantes fins como:

- Facilitar a introdución dos novos formatos e soportes dixitais de edición nas bibliotecas públicas galegas e mellorar o acceso de toda a cidadanía á lectura neste formato.
- Estender a lectura a novos sectores sociais que non son usuarios habituais dos servizos presenciais das bibliotecas públicas.
- Mellorar a posibilidade de acceso de todos os cidadáns á información e á cultura.
- Aumentar o volume, a actualización e a diversidade de contidos e de soportes das coleccións das bibliotecas públicas galegas.
- Impulsar o consumo legal de contidos dixitais de calidade e actuais.
- Dinamizar o comercio do libro electrónico en Galicia.

É un servizo innovador que ofrece a toda a cidadanía a posibilidade de tomar en préstamo de forma gratuíta, obras en formato dixital de temáticas diversas,

A Universidade de Santiago de Compostela, tamén ten en marcha dese 2015 Plataforma de préstamo de libro electrónico, PreLo, dentro dun proxecto pioneiro na universidade española, cuxo desenvolvemento corresponde á Biblioteca Universitaria e ao Servizo de Publicacións e Intercambio Científico compostelán. PreLo está destinado á toda a comunidade universitaria compostelá.

Os dous servizos utilizan a plataforma tecnolóxica, Xebook.

As dúas institucións teñen o convencemento mutuo de que o acceso á cultura da cidadanía galega mellorará compartindo os recursos e poñendo a disposición dos usuarios e usuarias das bibliotecas públicas de Galicia as obras elaboradas e publicadas en formato electrónico pola Universidade de Santiago de Compostela. Trátase de contidos fundamentalmente científicos e divulgativos que só edita a universidade. Isto só é posible coa súa incorporación das publicacións seleccionadas pola USC a GaliciaLe desde PreLo.

Con este convenio asegúrase o acceso ás publicacións realizadas pola USC desde unha plataforma de acceso aberto e gratuíto para os usuarios das bibliotecas de Galicia e, ao mesmo tempo, increméntanse as posibilidades de lectura de obras literarias, de ensaio e de investigación a través de GaliciaLe.





Polo tanto, esta colaboración producirá un resultado moi positivo na oferta de posibilidades de lectura a toda a cidadanía galega, en especial a lectura máis técnica, con moi poucos canles de difusión xeral.

Este convenio de colaboración carece de repercusión económica polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas por parte da Consellería de Cultura e Turismo.

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo M. Lorenzo Suárez

